# O Concello de Nigrán organiza un obradoiro gratuíto de elaboración de galletas decoradas con fondant.

Escrito por Redaccion @valminorinfo
Mércores, 03 Febreiro 2016 00:19




A concellería de Cultura, Turismo, Igualdade e Xuventude do Concello de Nigrán organiza o vindeiro Mércores día 10 de Febreiro un obradoiro de galletas decoradas con fondant e motivos de San Valentín.

O lugar de realización será no restaurante Queimada, en Parada, e terá unha duración de 2 horas. Os alumnos aprenderán técnicas de manexo e moldeado de Fondant, de preparación da masa das galletas, e de decoración e de empaquetado das mesmas.

Ao finalizar o obradoiro entregaraselle aos participantes un diploma acreditativo do mesmo.

A cita será o Mércores 10 de Febreiro ás 18.00 h no restaurante Queimada, a actividade é gratuíta, tendo prioridade os empadroados en Nigrán.

Para inscribirse é necesario facelo chamando ao: 699232176, en cultura@nigran.org, ou no terceiro andar do edificio antigo do Concello, en horario de 10 a 14 h.